

**Resolución do 23 de marzo de 2021, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar resultante do período de actualización, convocado por resolución do 23 de setembro de 2020 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2020), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.**

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 23 de setembro de 2020 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2020) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

**Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 23 de setembro de 2020 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2020).

**Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado/a en Ciencias do Mar, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 23 de setembro de 2020 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2020) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

**Terceiro.-Emendas.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3, os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante o Director-Xerente de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As resolucións do Director-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderanse implícitas na resolución do Director-Xerente pola que se aproben e se fagan públicas as listaxes definitivas de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as. De non haber reclamacións ou emendas, as listas previas de admitidos/as e excluídos/as enténdese aprobadas definitivamente.

As emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as poderán ser presentadas:

- nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h, e os venres de 9:00h a 14:00h.
- de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:
  - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
  - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
  - Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
  - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.
- como medida excepcional, en atención ás actuais circunstancias derivadas da pandemia provocada pola COVID 19, tamén se aceptarán as emendas e/ou reclamacións presentadas nas Oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía email, á dirección [seleccion@epseaga.com](mailto:seleccion@epseaga.com), acreditación de dita presentación, que comprenda tanto o resgardo acreditativo do envío que se entrega ó cliente por parte do Organismo Estatal de Correos como a copia da documentación remitida)

Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada por SEAGA e a cotexada polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración Pública:

- a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.



b) Os Organismos Autónomos, as Entidades Públicas Empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 26 de marzo de 2021 (inclusive).

Santiago de Compostela, a 23 de marzo de 2021.

A Presidenta da Comisión de Selección.

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Cobas Ríos

